




XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO: BIBLIOGRAFÍA E MATERIAIS DE ARQUIVO

O vindeiro 19 de febreiro do ano que corre celébrase o centenario do nacemento do poeta Xosé María Díaz Castro, quen, sendo autor dunha obra poética breve e cun único libro en lingua galega, *Nimbus*, está considerado, sen embargo, como unha das voces poéticas máis profundas e singulares da poesía galega de posguerra. Ademais a Real Academia Galega decidiu dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2014.

Neste número 6 de NOVAS PENZOL, posíbel grazas ao traballo do Equipo Técnico da Fundación Penzol, presentamos a bibliografía e os materiais de arquivo da súa autoría ou sobre a súa obra dos que dispón a Biblioteca e Arquivo Penzol e a Biblioteca e Arquivo Francisco Fernández del Riego.



Saúdos cordiais
Silvestre Gómez Xurxo
Responsábel de Novas Penzol

FUNDACIÓN PENZOL * Casa Galega da Cultura * Praza da Princesa, 2 * 36202 VIGO. Teléfono: 986 226459 * Fax: 986229081 * correo-e: casagalegacultura@vigo.org


Horario público: luns a venres: 9:00 a 14:00 h. - 17:00 a 20:00 * 15 de xuño ao 15 setembro: abre só polas mañás

Nota biográfica sobre Xosé María Díaz Castro

Xosé María Díaz Castro (Vilares de Parga-Guitiriz, 1914 – Lugo, 1990). Estuda no Seminario de Mondoñedo entre 1931 e 1936, onde coñece a Iglesia Alvariño e licénciase en Filosofía e Letras na especialidade de linguas modernas pola Universidade de Salamanca. En 1948 trasládase a Madrid, onde reside a maior parte da súa vida. Como coñecedor de varias linguas, traballa como tradutor técnico no Ministerio de Gobernación e en centros do CSIC e como tradutor literario para varias editoriais. Tamén exerce durante algún tempo de profesor de idiomas en varios centros.



En 1946 gaña o certame dos Xogos Frorais de Betanzos, en galego coa composición *Nascida d'un sono* e en español con *El cántico de la ciudad*. En 1961 publica *Nimbos*, o seu único libro, aínda que tamén ten poemas publicados en diferentes revistas.



BIBLIOTECA DA FUNDACIÓN PENZOL
E BIBLIOTECA FERNÁNDEZ DEL RIEGO

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO, AUTOR
monografías

- **Nascida d'un sono : tríptico â groria da betanceira** / [S.l. : s.n.], [1946?] (Vilagarcía : Celta) (Primeiro Premio de Poesía Galega nos Xogos Frorais de Betanzos, 1946).
SIGN : CA: 46/1.
- **Terra rebada; Con este alento, Monumento á ausencia; Intre de beizos; Penélope; A cerna.** En "Escolma da poesía galega. IV, Os contemporáneos"/ edición, limiar e notas bio-bliográficas de Francisco Fernández del Riego. Vigo : Galaxia, 1955. P. 334-338. SIGN : 39/214.
- **Nimbos.** Vigo : Galaxia, 1961. SIGN : 39/13.
- **Nimbos.** [2ª ed.] Vigo : Galaxia, 1989. SIGN : 40/44.
- **Nimbos** / Xosé María Díaz Castro ; traducción de Vicent Berenguer ; versió en castellà de l'autor. València : Edicions de la Guerra, 1997. (Texto trilingüe catalán-galego-español). SIGN : 20/444.
- **Nimbos.** [A Coruña] : La Voz de Galicia, D.L. 2002. SIGN : 52/179.
- **Nimbos.** 3ª Ed. Vigo : Galaxia, 2006. SIGN: 8/109.
- **Nimbos** / Xosé Mª Díaz Castro ; prólogo Alfonso Blanco Torrado ; [deseño da cuberta e ilustración M. Janeiro]. [Santiago de Compostela] : Consellería de Cultura e Deporte ; Vigo : Galaxia, D.L. 2006. SIGN : 54/274.
- **Penélope** / En "Os cen mellores poemas da lingua galega"/ X. Alonso Montero. Ed. Celta, Lugo, 1970. P. 15. SIGN : 26/52
- **Penélope** / En "Escolma de aniversario : (Librería Follas Novas, 1971-2001)" / edición de Luis Alonso Girgado, Teresa Monteagudo Cabaleiro. Santiago de Compostela : Librería Follas Novas, 2001. P. 53. SIGN : 13/240
- **Polpa dorida = Sore flesh ; Penélope = Penelope; Coma brasas = Like embers** / En "Breogán's lighthouse : an anthology of Galician literature" / edited by Antonio Raúl de Toro Santos. London : Francis Boutle, cop. 2010. P. 389. SIGN : 143/157
- **Penélope = Penelope** / Escolma Luciano Rodríguez ; translation Jonathan Dunne. En "Anthology of Galician literature (1196-1981) = Antoloxía da literatura galega" / edited by = edición de Jonathan Dunne. [Santiago de Compostela] : Xunta de Galicia ; Vigo : Xerais : Galaxia, D.L. 2010. P. 286-287. SIGN : 138/24.

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO, AUTOR

artigos

- En **ALBA**. SIGN : RG-97 . Ed. facsimilar.
 - *Oración pol-os tolos*. N. 3 ; p. 7.
 - *Trabajos de amor perdidos*. N. 5.
 - *Nochebuena 1947*. N. 6.
 - *In memoriam a Paul Valery*. N. 6.
 - *A Cerna..* N. 7.
 - *Cortina*. N. 7.
 - *Nascida d'un sono : (a a muller betanceira)*. N. 13.
 - *Regreso*. N. 16.
 - SIGN : FR-R-534
 - *Penélope*. N. 4.
 - *Suena aún su paso*. N. 8

- En **CARTEL**. SIGN : RG-224/2
 - *Terra e mar*. Año 2, n. 6 (15 marzo 1946) ; p. 5.

- En **ANUARIO BRIGANTINO**. SIGN : SL-R-13
 - *Nascida d'un sono : (tríptico á gloria da betanceira)*. N. 3 (1951) ; p. 121.

- En **DORNA**. SIGN : RG-326
 - *A Fontela*. N. 6 (1983) ; p. 9
 - *Venganza*. N. 6 (1983) ; p. 10.
 - *Porque ti estás chorando, estou chorando*. N. 7 (1984) ; p. 5.
 - *Unha Estrela nova*. N. 9 (1983) ; p. 9.
 - *Rolando*. N. 11 (1987) ; p. 7.
 - *Oración polos tolos*. N. 11 (1987) ; p. 8.
 - *Iglesia Alvariño na miña lembranza*. N. 11 (1987) ; p. 115-117.
 - *A Rosalía*. N. 17 (xan. 1991) ; p. 9.
 - *O Vento entre as canas*. N. 17 (xan. 1991) ; p. 10.
 - *Revelación*. N. 17 (xan. 1991) ; p. 11.
 - *Dí, Señor*. N. 17 (xan. 1991) ; p. 12.
 - *Busquei a praia*. N. 17 (1991) ; p. 13.
 - *¿Para qué ?* N. 17 (xan. 1991) ; p. 14.
 - *Wozu ?* N. 17 (xan. 1991) ; p. 14.
 - *Breve prego a María*. N. 17 (xan. 1991) ; p. 15.

- *Cántame ti outra vez*. N. 17 (xan. 1991) ; p. 15.

- *Coido que quizais*. N. 17 (xan. 1991) ; p. 16-18.

- **Rilke, Rainer Maria**: *Maria, du weinst = María, ben sei* / traducción de Xosé María Díaz Castro. N. 7 (1984) ; p. 14-15

SIGN : FR-R-18

-*Cando me leven*. N. 14

– En **LITORAL**. SIGN : PLA-1/2

- *Monumento a la ausencia..* N. 209/210 (1996) ; p. 16.

– En **SONATA GALLEGA**. SIGN : RG-148

- *Versos a Dorinda*. N. 10 (1948).

- *¡Pescador!* N. 10 (1948).

- *La Elemental*. N. 10 (1948).

BIBLIOTECA DA FUNDACIÓN PENZOL

MONOGRAFÍAS SOBRE XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

- **Homenaxe a Xosé M^a Díaz Castro** / [organizado pola Asociación Cultural Xermolos]. Guitiriz : Asociación Cultural Xermolos, 1987. SIGN : 38/ 101.
- **Janeiro Casal, Manuel**
Nimbos : o pensamento gráfico de Xohán Ledo. Grial cadernos. Galaxia; Nadal 2006.
SIGN :
- **Xosé M^a Díaz Castro : nimbos de luz na Insua dos Poetas : 9 de xullo de 2011** / [Arcadio López Casanova ... et al.]. [Ourense] : Insua dos Poetas, imp. 2011. Editado co gallo da III Festa da Palabra en homenaxe a Xosé María Díaz Castro. SIGN : C-463/4.
- **Varios**
Crítica e autores: artigos e entrevistas publicados en La Voz de Galicia. A Coruña: La Voz de Galicia, D. L. 2002. SIGN : 10/187

ARTIGOS SOBRE XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

- En **ANUARIO BRIGANTINO** : SIGN : SL-R-13
 - *In memoriam Xosé María Díaz Castro* / Torres Regueiro, Xesús. N. 13 (1990) ; p. 279-282.

- En **DORNA**: SIGN : RG-326
 - *Díaz Castro desde o frío* / Rodríguez Fer, Claudio. N. 17 (xan. 1991) ; p. 19-22.
 - *Díaz Castro e Dorna : a creba dun silencio* / Salgado, Xosé Manuel. N. 17 (xan. 1991) ; p. 23-32.
 - *No pasamento do poeta Xosé M^a Díaz Castro, o meu irmán*/ Díaz Castro, Serafin. N. 17 (xan. 1991) ; p. 33.
 - *Penélope en Budapest : para Díaz Castro, mestre amigo* / González Tosar, Luís. N. 17 (xan. 1991) ; p. 34-35.

- En **GRIAL**: SIGN : SL-R-3
 - *Díaz Castro, nesta hora* / Franco Grande, Xosé Luis . T. 2, n. 6 (out.-dec. 1964) ; p. 512-518.
 - *Algo sobre o pensamento de Díaz Castro en "Nimbos"* / López Mejuto, Manuel Miguel. T. 16, n. 61 (xul.-set. 1978) ; p. 367-369.

- En **MADRYGAL**: SIGN : RG-578
 - *Xosé María Díaz Castro na revista "Cartel" : dous poemas non recompilados* /García López, Xosé Anxo. N. 2 (1999) ; p. 83-84.
 - *Xosé María Díaz Castro poeta de preguerra* / Requeixo Cuba, Armando. N. 4 (2001) ; p. 99-109.

ARQUIVO FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

materiais e correspondencia

- Conxunto de poemas en galego mecanografados e coa tradución do propio autor ao español, con data de 1955. A data correspóndense coa solicitude de F. Fernández del Riego para seleccionar poemas de Díaz Castro á “Escolma da poesía galega. IV, Os contemporáneos”. Algúns deses poemas están incorporados a Nimbos. Levan os seguintes títulos:
 - ✓ Noite
 - ✓ Monumento á ausencia
 - ✓ Mar d'Orballo
 - ✓ Día de Folga
 - ✓ A razón da facha acesa
 - ✓ E díxenlle eu á i-hérba ...
 - ✓ Ai, capitán ...
 - ✓ Remuíño
 - ✓ Terra Rebada
 - ✓ A Cerna
 - ✓ O Suco vivo de Xesús
 - ✓ Vísporas
 - ✓ O bérro das pédras
 - ✓ Nascida dun sono

- Conxunto de poemas en galego autografados e que foron publicados na revista Alba, algúns foron seleccionados para a “Escolma ...” de del Riego e tamén para Nimbos:
 - ✓ A Cerna
 - ✓ Penélope
 - ✓ Cortina
 - ✓ Oración pol-os tolos
 - ✓ Nascida dun sono. (Á muller betanceira)
 - ✓ Terra e Mar

- Tres retallos de prensa con datas extremas 1982-2005.
- Correspondencia de Xosé María Díaz Castro con Francisco Fernández del Riego. Son 18 pezas, 17 cartas e 1 tarxeta datadas entre 1955 e 1962. Hai cartas autógrafas e hainas mecanografadas, unhas en galego e outras en español.

Madrid, 29 de julio de 1.957

Sr. D. FRANCISCO FERNANDEZ DEL RIEGO
Vigo.

Mi querido amigo: Le escribo en vísperas de marcharme, pues mañana mismo salgo de Madrid, pero no para Galicia, sino hacia San Sebastián. Mi ilusión grande hubiera sido ir también este año a Galicia y hacer una escapada a Vigo, donde tengo tan buenos amigos, con los que quisiera verme y charlar un poco. Especialmente me hubiera complacido saludarle a V. personalmente. Pero por razones familiares (mi mujer es de donostiarra), tendré que ir a refrigerarme este año al Cantábrico.

Le agradezco mucho su carta. En realidad no he cumplido con V. como hubiera deseado. Mis compromisos con una editorial madrileña se han prolongado mucho más allá de la fecha prevista, por lo que no me ha sido posible dedicarme en absoluto al dulce y tentador quehacer literario. No obstante mantengo mi promesa, pues deseo poder darle satisfacción a V. y ver editado algo mío en "Galaxia" precisamente. Ahora que dispongo de un poco más tiempo libre, sobre todo teniendo en cuenta que mis compromisos con la Editorial AGUILAR han terminado por ahora, procuraré aprovechar un poco la holganza y calma de mis vacaciones veraniegas para hacer algo y enviarle cuanto antes el original solicitado.

Recuerdo que en una ocasión le remití un muestrario de mi poesía gallega. En caso de que V. lo conserve, ¿tendría la amabilidad de darme a conocer los títulos de los diferentes poemas que le había remitido? Esto es para hacer una selección y al mismo tiempo calcular el número de páginas de acuerdo con el número de poemas previsto.

Yo estaré ausente de Madrid durante todo el mes de agosto. Entretanto, reciba el más cordial saludo de su afmo. amigo y s. s.

Jm Díaz Castro

Nascida dun ano

*Monumento à ausencia
mar de orballo
Día de folga
A razón de facia acosa
E dixelle eu á besta...
Ai, Capitán...
Reminisc
Barra rebada
Faután un tona de viño (fragmento)
A Ceina
O suco vivo de Xebús
Vísperas
O barro das pedras (fragmento)*

A maioría delas xiran arredor da xestación e publicación de Nimbos. Nas primeiras o autor excúsase pola demora na entrega do libro. Noutras fala do contido do libro, das correccións, do vocabulario, da ortografía. As posteriores á edición son maiormente para agradecer os comentarios e os retallos de prensa sobre o libro que lle fai chegar del Riego.

Outras cartas tratan de temas literarios, coma “Os Eidos” de Novoneyra, obras de Pimentel e Guerra da Cal, ou o sentimento pola morte de Iglesia Alvaríño.

- Carta de F. Fernández del Riego a Díaz Castro [Ca. 1972], na que fai referencia ao proxecto de edición da Obra completa de Manuel Antonio e dille despois poderían editar o seu libro (se é unha referencia a un novo libro de Díaz Castro, non chegou a ser realidade).

FONDO RAMÓN PIÑEIRO

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

correspondencia

No fondo Ramón Piñeiro hai 32 cartas de X. M. Díaz Castro a Ramón Piñeiro, a maioría delas autógrafas e datadas entre 1959 e 1989.

As cartas que tratan sobre Nimbos son coherentes coas mandadas a del Riego, mais a temática é máis variada: algunhas falan dun libro que prepara Ramón Martínez López sobre a Cultura Española para publicar na Texas University, outras da súa colaboración no libro de Homenaxe a Fermín Penzol, tamén da proposta que fan Piñeiro e Carvalho Calero para o seu ingreso na Real Academia Galega e do nomeamento como Académico Correspondente.

Aparecen tamén outros temas como a defensa da liturxia en galego, a aparición do Decreto de bilingüismo e o agradecemento á proposta que lle fai Piñeiro de colaborar na tradución da Biblia ao galego.

Repetidas veces presenta a súa excusa por non dar mandado ningunha colaboración para a Revista Grial.